EDICTO DE APROBACIÓN DO ANEXO AO PADRÓN DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE BOS DIAS COLE XULLO 2026

Pola presente faise saber que por resolución de Alcaldía nº 1098 de data 28 de xullo de 2026 foi aprobado o anexo do padrón do prezo público do servizo de Bos días cole correspondente ao mes de xullo 2026 , composto de 1 recibo e por unha contía total de 35,00 euros.

De conformidade co disposto no artigo 8.1 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos complementarios de educación nos colexios públicos de educación infantil e primaria do concello de Oroso a presente publicación terá o carácter de notificación colectiva, podendo os interesados examinar o expediente nas oficinas de Intervención-Tesouraría e interpoñer no seu caso os seguintes recursos:

Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da data da súa notificación (artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común).

O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da dita Lei 39/2015).

Tamén poderá impugnar este acordo alternativamente mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose.

Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse presuntamente desestimado (artigo 46.1 e 4 da dita Lei 29/1998).

Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

O período ordinario de pago será de trinta días naturais dende a aprobación e publicación do presente anuncio, transcorrido o cal as contías devindicadas poderán ser esixidas mediante o procedemento de constrinximento.
De conformidade co previsto no artigo 8.3 da ordenanza reguladora o medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados ao pago, producíndose o cargo dentro dos dez primeiros días dende a aprobación do presente Padrón.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica municipal na dirección https://sede.oroso.es. *(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42 b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).*

En cumprimento co previsto na LO 3/2018 de5 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

CVD: g3lMV1gygewuqshLwST5 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/

O Alcalde-Presidente, Alexander Doval Expósito.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T **981 691 478 |** F 981 691 786 | info@concelloroso.com

www.oroso.es | www.concellooroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica municipal na dirección https://sede.oroso.es. *(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42 b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).*

En cumprimento co previsto na LO 3/2018 de5 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

CVD: g3lMV1gygewuqshLwST5 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/